



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Aprobación da modificación nº 1 do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume

ANUNCIO

Aprobación inicial da “Modificación Nº 1 do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume”

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2021, aprobou inicialmente a “Modificación Nº 1 do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume”.

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para que poida ser examinado o expediente e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co que se establece no artigo 49 c) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, procedéndose á publicación á que fai referencia o artigo 70.2 desta lei.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 26 de marzo de 2021.

2021/2517